

## GALEGO

- 1.- Segundo o art. 9.3 da Constitución Española de 1978, a Constitución garantiza:
  - a) O principio de legalidade, a xerarquía normativa, a irretroactividade das normas, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a prohibición da arbitrariedade dos poderes públicos.
  - b) O principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a prohibición da arbitrariedade dos poderes públicos.
  - c) A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da persoalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais, e o carácter aconfesional do Estado.
  
- 2.- Segundo o art. 137 da Constitución, o Estado organízase territorialmente en:
  - a) Municipios, comarcas, provincias e nas Comunidades e Cidades Autónomas que se constitúan.
  - b) Municipios, provincias e Comunidades e Cidades Autónomas que se constitúan.
  - c) Municipios, provincias e nas Comunidades Autónomas que se constitúan.
  
- 3.- Segundo o art. 19.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Alcalde é elixido:
  - a) En todo caso, polos concelleiros da Corporación, nos termos que estableza a lexislación electoral xeral.
  - b) En todo caso, polos veciños, nos termos que estableza a lexislación electoral xeral.
  - c) Polos concelleiros ou polos veciños, nos termos que estableza a lexislación electoral xeral.
  
- 4.- Segundo o art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, as Ordenanzas municipais son aprobadas::
  - a) Inicialmente, por providenza da Alcaldía.
  - b) Inicialmente, polo Pleno da Corporación.
  - c) Definitivamente, pola Subdelegación do Goberno.
  
- 5.- Segundo o art. 47.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, os acordos das Corporacións Locais adóptanse, como regra xeral:
  - a) Por maioría simple do número legal de membros da Corporación.
  - b) Por maioría simple do número de membros presentes da Corporación.
  - c) Por maioría absoluta do número legal de membros presentes da Corporación.
  
- 6.- Segundo o art. 89 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o persoal ao servizo das entidades locais estará integrado por:
  - a) funcionarios de carreira, contratados en réxime de dereito laboral e persoal eventual que desempeña postos de confianza ou asesoramento especial.
  - b) Funcionarios de carreira e contratados en réxime de dereito laboral.
  - c) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, contratados temporais en réxime de dereito laboral, e persoal eventual que desempeña postos de confianza ou asesoramento especial.

7.-Segundo o art. 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a selección de todo o persoal das entidades locais:

- a) Debe realizarse, trátase de persoal funcionario ou laboral, dacordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así coma o de publicidade.
- b) Debe realizarse, se se trata de persoal funcionario, dacordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así coma o de publicidade, en tanto que se se trata de persoal laboral, non será esixible o requisito de publicidade.
- c) Debe de se realizar, tanto para o persoal funcionario coma o laboral, dacordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

8.- Segundo o art. 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, o vencemento do prazo máximo establecido para os resolver, sen que se teña notificado resolución expresa, lexítima ao interesado:

- a) Para entender a súa solicitude como estimada por silencio administrativo, en todo caso.
- b) Para entender a súa solicitude como desestimada por silencio administrativo, en todo caso.
- c) Para entender a súa solicitude estimada por silencio administrativo, salvo nos supostos en que unha norma con rango de lei ou unha norma do Dereito da Unión Europea ou do Dereito Internacional aplicable en España establezan o contrario.

9.- Segundo a lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réximen Local, o municipio exercerá competencias propias nas seguintes materias:

- a) a ordenación normativa dos servizos sociais comunitarios.
- b) a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social
- c) a formación no campo dos servizos sociais comunitarios

10.- Segundo recolle a Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia no seu artigo 8, os servizos sociais comunitarios específicos son:

- a) unha modalidade dos servizos sociais comunitarios
- b) unha modalidade dos servizos sociais especializados
- c) unha modalidade dos servizos sociais comunitarios básicos

11.- Segundo a lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, é función dos servizos sociais comunitarios básicos, entre outras:

- a) promover medidas de inserción no seu ámbito de actuación e desenvolver medidas de rehabilitación social orientadas a normalizar as condicións de vida das persoas usuarias
- b) a identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social
- c) prestar colaboración e asesoramento técnico ós servizos sociais comunitarios específicos

12.- Según la lei 13/2008, de sevcios sociales de Galicia, pode a persoa usuaria solicitar o cambio de profesional de referencia?:

- a) non , en ningún caso.
- b) si, motivadamente , de acordo coas disponibilidades do sistema e de entre os existentes na súa área
- c) si, poderá elixir o persoal de referencia que queira aínda que non sexa da súa área.

13.- Segundo o Decreto 99/2012 polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento, derivar hacia a intervención social, biopsicosocial ou socioeducativa idónea para cada caso, que favoreza a adquisición ou recuperación de funcións e habilidades sociais e procure a mellora da autonomía, da convivencia social e familiar e da inclusión social corresponde ó contido do programa de:

- a) servizo de axuda no fogar
- b) programa básico de inserción social
- c) programa de valoración, orientación e información

14.- Segundo a lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención á Dependencia cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria ó menos unha vez ó día ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal a súa situación de dependencia clasificarase coma:

- a) dependencia en grao I
- b) gran dependencia
- c) dependencia en grao III

15.- O seguimento directo e continuado da correcta aplicación do programa individual de atención e da adecuación á situación da persoa beneficiaria corresponde:

- a) aos servizos especializados
- b) aos profesionais de servizos sociais comunitarios ou de atención primaria de saúde, así como de atención especializada, de ser o caso.
- c) ás xefaturas territoriais

16.- Os servizos de promoción da autonomía persoal teñen por finalidade:

- a) desenvolver un conxunto de actuación dirixidas a previr alteracións da función física, sensorial ou mental
- b) desenvolver e manter a capacidade de controlar, afrontar a toma de decisión acerca de cómo vivir de acordó coas normas e preferencia propias e facilitar a execución de actividades básicas da vida diaria, de xeito que todas as persoas poidan levar unha vida o máis autónoma posible.
- c) conseguir o maior grao posible de autonomía e a adaptación no seu entorno das persoas en situación de dependencia

17.- Proporcionar ás persoas beneficiarias unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo os casos de xeito individualizado e profesionalizado é un dos obxectivos do programa:

- a) servizo de axuda no fogar
- b) xantar na casa
- c) programa de envellecemento activo

18.- Que programa ten a función de xestionar axendas específicas subscritas entre a empresa/entidade prestadora do servizo e a persoa usuaria a pedimento desta, da súa familia ou persoas achegadas, que permitan lembrarles tomas de medicación, actividades ou citas?:

- a) programa do servizo de axuda no fogar
- b) programa de información e orientación
- c) programa de teleasistencia domiciliaria

19.- O modelo de informe social unificado aprobado na orde do 1 de abril de 2013 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, utilizaráse nos procedementos de referencia relativos á xestión de programas e servizos das áreas de:

- a) calquera procedemento para o acceso á rede de recursos de atención ás persoas en risco ou situación de exclusión que dependen do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- b) calquera procedemento relativo á xestión dos programas, servizos e prestacións da área de inclusión social.
- c) dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal

20.- Segundo a Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar é causa de extinción do servizo :

- a) a ausencia temporal do domicilio por un período de 1 mes
- b) a falta reiterada do pago do servizo
- c) o cambio do programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso

21.- Durante cantos anos será conservada a información e os documentos electrónicos dende a última actuación sobre a historia social única electrónica dunha persoa usuaria , segundo o Decreto 89/2016, de 30 de xuño , polo que se regula la creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica?

- a) ata o falecemento da persoa usuaria
- b) durante un período de 5 anos como mínimo
- c) durante un período de 10 anos

22.- Segundo o código deontolóxico de Traballo Social, con qué deber do traballador/a social en relación coa información confidencial se corresponde a seguinte frase“ a información obtida dedicarase ó fin para o que se solicitou salvo consentimento expreso da persoa usuaria, autorización legal ou petición xudicial ”:

- a) de limitación
- b) de custodia y acceso responsable
- c) de finalidade

23.- Segundo a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o acollemento familiar ten como finalidade:

- a) procurar á ou ó menor separado da súa familia a atención nun contexto familiar ou de convivencia axeitado xa sexa con carácter provisional e temporal, e en ningún caso dará paso a unha situación de adopción.
- b) procurar a ou ó menor separado da súa familia a atención nun contexto familiar ou de convivencia axeitado xa sexa con carácter provisional, temporal, permanente ou como paso previo para a adopción.
- c) procurar a ou ó menor separado da súa familia a integración definitiva nunha familia distinta a súa familia de orixe.

24.- A efectos da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio a familia e a convivencia de Galicia, considéranse familias de especial consideración:

- a) familias con persoas maiores a cargo
- b) familias monoparentais.
- c) a e b son correctas

25.- Segundo o Decreto 254/2011, de 23 de decembro polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia, é obriga das entidades:

- a) estar inscritas, con carácter previo ó inicio das súas actividades, no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.
- b) estar suxeitas ás potestades inspectora e sancionadora da Consellería con competencias en materia de servizos sociais.
- c) a e b son correctas

26.- Un dos requisitos para ter dereito a unha pensión non contributiva de invalidez é:

- a) Ser maior de idade e menor de 65 anos e residir legalmente en territorio español polo menos 5 anos dende que naceu dos cales 2 deben ser consecutivos e inmediatamente anteriores á data da solicitude.
- b) Ser menor de 65 anos e residir legalmente en territorio español polo menos 5 anos dende que naceu dos cales 2 deben ser consecutivos e inmediatamente anteriores á data da solicitude
- c) ser maior de idade e residir legalmente en territorio español polo menos 10 anos dende que naceu dos cales 2 deben ser consecutivos e inmediatamente anteriores á data da solicitude.

27.- Segundo a Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, unha vez concluída a percepción do tramo de inserción na renda de inclusión, a persoa interesada só poderá solicitar unha nova incorporación a este tramo trascurridos:

- a) 6 meses
- b) 12 meses.
- c) 18 meses

28.- Segundo o Decreto 14/2019 de desenvolvemento da Lei de inclusión social de Galicia un dos requisitos xerais de acceso a renda de inclusión social de Galicia é:

- a) estar empadroad/a e ter residencia constatada polo traballador/a social dos Servizos Sociais comunitarios básicos en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia
- b) estar empadroad/a en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega, polo menos durante os 6 meses anteriores á presentación da solicitude.
- c) estar empadroad/a en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega, polo menos durante os 12 meses anteriores á presentación da solicitude

29.- O Decreto 14/2019 que desenvolve a Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia, recolle que a renda de inclusión social de Galicia se configura en:

- a) tramo persoal e familiar, tramo de inserción e tramo de transición ao emprego
- b) tramo persoal, tramo de inserción e tramo de transición ao emprego.
- c) tramo persoal e familiar e tramo de transición ao emprego

30.- Segundo o Decreto 14/2019 de desenvolvemento da Lei de inclusión social de Galicia quen se pode beneficiar do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia:

- a) persoas beneficiarias da renda no tramo persoal e familiar co obxectivo de incentivar e facilitar o seu acceso a un emprego mediante o pagamento dun complemento de transición, en diminución gradual e progresiva
- b) aquelas persoas que se encontren en situación ou risco de exclusión social, e que se vinculen a un itinerario de inserción no mercado de traballo mediante un convenio de inclusión de duración determinada cun contido formativo ou laboral
- c) tódalas persoas que estean inscritas no servizo galego de colocación como demandantes de emprego

31.- No caso dunha modificación da contía da renda de inclusión de Galicia o dereito da percepción e do pagamento da prestación será segundo o decreto 14/2019 que desenvolve a Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia:

- a) a partir do primeiro día do mes seguinte ao da data en que se dite a resolución de modificación
- b) a partir do día en que se dite a resolución de modificación
- c) a partir do día seguinte en que se comunica a modificación dende os Servizos Sociais comunitarios á Xefatura Territorial

32.- Segundo o decreto 14/2019 que desenvolve a Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia a perda dalgún dos requisitos esixidos para a percepción da renda de inclusión social de Galicia será motivo de:

- a) modificación
- b) suspensión
- c) extinción

33.- Segundo o Decreto 14/2019 de desenvolvemento da Lei de inclusión social de Galicia o prazo de xustificación das axudas de inclusión social de Galicia (AIS) no suposto de axudas vinculadas con obras de mellora de habitabilidade da vivenda, as obras deberán estar rematadas:

- a) no prazo de 6 meses, contados a partir do momento da data de comunicación da resolución de concesión
- b) no prazo de tres meses contados a partir do momento da data de comunicación da resolución de concesión
- c) no prazo dun ano contado a partir do momento da data de comunicación da resolución de concesión

34.- Segundo a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio a familia e a convivencia de Galicia, a garda:

- a) exercerase a través da figura do acollemento familiar ou residencial
- b) exercerase a través da figura da tutela administrativa
- c) exercerase a través da figura do acollemento familiar

35.- Segundo o Decreto 130/2016 os Centros de Información á Muller (CIM) deben contar polo menos co seguinte persoal cualificado:

- a) director/a e abogado/a
- b) director/a, psicólogo/a e abogado/a
- c) director/a, traballador/a social e abogado/a

36.- A Guía de detección do abuso infantil da Xunta de Galicia define o abuso sexual como un tipo de maltrato:

- a) físico e pasivo
- b) emocional e pasivo
- c) físico e activo

37.- Segundo a Guía de recursos do sistema de protección de menores da Consellería de Traballo e Benestar. O significado das siglas RUMI é:

- a) Rexistro Único de casos de maltrato infantil.
- b) Rexistro Unificado de maltrato infantil.
- c) Referencias Unificadas de maltrato infantil.

38.- Segundo o Decreto 96/2014, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, os puntos de encontro familiar en Galicia teñen como obxectivo:

- a) favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das fillas e dos fillos a manter a relación con amabas as dúas persoas proxenitoras despois da separación, establecendo os vínculos necesarios para o seu bó desenvolvemento psíquico, afectivo e emocional
- b) favorecer a integración, promoción e participación das familias ou unidades de convivencia en tódolos ámbitos vida comunitaria
- c) desenvolver programas e xestionar centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas

39.- É un dereito das persoas usuarias do punto de encontro familiar en Galicia, segundo o Decreto 96/2014, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia :

- a) cumprir os horarios establecidos na resolución do órgano derivante
- b) non presentar comportamentos violentos físicos nen verbais
- c) ser informadas sobre o seu expediente persoal

40.- Poderán ser beneficiarios das casas do maior:

- a) Persoas maiores de 60 anos de idade, sen dependencia como recurso de promoción da autonomía persoal
- b) Persoas maiores de 60 anos de idade, en situación de dependencia moderada e severa, grado I e grado II, respectivamente
- c) a e b son correctas

R1.- Segundo a guía de detección do maltrato infantil da Xunta de Galicia, defínese como a “hostilidade verbal crónica en forma de insulto, burla, desprezo, crítica ou ameaza de abandono; constante bloqueo das iniciativas de interacción infantís (desde a evitación ata o encerro ou confinamento) por parte de calquera membro adulto do grupo familiar”:

- a) o maltrato físico
- b) o maltrato emocional
- c) o abandono físico ou negligencia

R2.- Segundo a Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero considéranse formas de violencia:

- a) violencia física, psicolóxica, económica, doméstica e sexual

- b) violencia física, psicolóxica, económica, sexual e tráfico de mulleres e nenas
- c) violencia física, psicolóxica, económica, sexual, doméstica e tráfico de mulleres e nenas

R3.- Segundo a Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a situación da violencia de xénero acreditaráse por calquera das seguintes formas: Sinala a resposta incorrecta

- a) denuncia nos servizos sociais e/u sanitarios da Administración pública, autonómica ou local
- b) certificación da orde de protección ou da medida cautelar ou testimonio ou copia autenticada pola secretaria ou secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar
- c) informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia

R4.- Segundo o decreto 14/2019 que desenvolve a Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia poderán percibir o tramo de transición ao emprego aquelas persoas:

- a) que xa perciban a renda de inclusión social de Galicia como titulares da prestación e accedan a unha actividade laboral remunerada e sempre que o contrato de traballo teña unha duración mínima de 6 meses continuados
- b) que xa perciban a renda de inclusión social de Galicia como titulares ou beneficiarios da prestación e accedan a unha actividade laboral remunerada e sempre que o contrato de traballo teña unha duración mínima de 6 meses continuados
- c) que xa perciban a renda de inclusión social de Galicia como titulares ou beneficiarios da prestación e accedan a unha actividade laboral remunerada e sempre que o contrato de traballo teña unha duración mínima de 12 meses continuados

R5.- Segundo o art. 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, contra dos actos e acordos das entidades locais que poñan fin á vía administrativa, os interesados poderán exercer:

- a) A interposición obrigatoria, previa á vía xurisdiccional competente, do recurso de reposición.
- b) As accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo, non obstante, interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición.
- c) As accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo, non obstante, interpoñer con carácter simultáneo o recurso de reposición potestativo.